


COORDINA Blanca-Ana Roig Rechou

María Canosa reivindica a figura dos avós en 'Muriel'

TEXTO Carmen Ferreira
ICE-USC/CRPIH

Tras ser finalista do Premio Merlín en dúas ocasións, María Canosa (Cee, 1978) cumpre o dito “á terceira vai á vencida” ao obter este merecido galardón en xuño do pasado ano pola obra *Muriel*, publicada en outubro de 2017 por Edicións Xerais de Galicia para unha franxa de idade de “9 anos en diante” na súa emblemática colección Merlín. A obra cativaba ao xurado pola súa orixinalidade e a sedución do poder das palabras, daquelas que se din e das que se calan tamén. Eríxese, como recolleu o xurado na emotiva cerimonia de entrega na Illa de San Simón, como un canto á imperiosa necesidade da cor que xorde do branco.

Estruturada en vinte e cinco capítulos, reivindica a figura dos avós, grazas aos recordos de *Muriel*, o neno protagonista, que bota de menos a súa avoa, as conversas, os contos, os pasteis e os bicos máxicos que compartían e da que lle queda como recordo o maxestuoso carba-



llo que ela plantara para el. Na compañía dun raposo riseiro, chamado Blim e con recendos do que acompañaba ao Principiño, co que descifra o verdadeiro valor da amizade e das relacións persoais, *Muriel* adéntrase na aventura da descuberta e do proceso de madurez, enfron-

tándose aos seus medos. Pouco a pouco o gris que tingue o seu mundo, a triste e sombría vila de Cartaria, vai virando cara á cor que simboliza a conexión co seu pasado feliz, a través da figura da avoa, do recendo do leite e da importancia das cartas, que atesouran información e emoción e que lle entrega o enigmático leiteiro Figaro, quen o leva a coñecer o seu castelo na luminosa Martiñeira.

Así pois, un problema real, como foi o das cotas de leite dos gandeiros galegos, leva á autora a reivindicar por medio desta historia as materias primas e os oficios máis tradicionais xa en perigo de extinción (como o de leiteiro e de carteiro) e a rememorar no lectorado máis adulto os tempos nos que o leite aínda sabía a leite e se repartía polas casas na leiteira e non se mercaba no supermercado.

Este fermoso e emotivo relato acompáñase das delicadas ilustracións que realizou a artista plástica Lucía Cobo (Lugo, 1982) e que representan magnificamente e con sensibilidade e delicadeza os dous protagonistas desta historia que engaiola e transmite desde as primeiras liñas. Unha obra que, en clave simbólica e cun rexistro moi coidado, fala de xustiza, honestidade e amizade e que se enfía cos ingredientes da intriga, da ilusión e da curiosidade do protagonista, unidos á maxia e fantasía.

verinesa@yahoo.es